

Vivir Hoxe

GALICIA AULAS SOCIEDADE

vivir@galicia-hoxe.com

ECOLOXÍA A FEG avoga por converter a redución no eixe da política de residuos. Evitar a sobreembalaxe, retornar envases e fomentar produtos de segunda man, algunhas claves

O 'R' MENOS COÑECIDO

O PORTAL 'CONSUME HASTA MORIR' LOITA CONTRA O MAIOR PRODUTOR DE LIXO: A FEBRE POR MERCAR



Rebeca Fernández · Santiago

Reducir, reutilizar e reciclar. A día de hoxe case ninguén descoñece xa cales son os '3Rs' básicos dunha política de residuos que mire cara ó futuro. Non obstante é a reciclaxe a que absorbe todas as miradas en detrimento das outras dúas. Apostando pola máis básica, a da redución, implicaría un aforro incalculable en xestión, transporte e tratamento de residuos, cuxa produción en Galicia medrou un 33% nos últimos sete anos. Por iso, a Federación Ecoloxista Galega (FEG) celebra hoxe e mañá no Museo do Pobo Galego unhas xornadas que darán a coñecer a importancia do 'R' menos coñecido. "Dos 800 millóns que se van destinar ó Plan de Residuos, só un 3%, ó redor de 10 millóns, irán á redución", explica o secretario e responsable de residuos da FEG, Celestino Quintela, quen apunta que cunha verdadeira aposta polas '3Rs', os descartes serían mínimos e Sogama deixaría de ser útil.

Retornar envases e evitar os de difícil tratamento coma os tetra-brikis, rexeitar os produtos sobre-embalados ou fomentar os mercados de segunda man son algunhas das medidas que se poden adoptar tanto por parte do consumidor coma do produtor, responsable orixinal da creación de residuos.

Contrapublicidade para criticar o hábito de usar e tirar

Máis alá das accións cotiás, as Xornadas sobre a Redución da FEG abordarán outros temas que inciden nesta problemática como a postura ética de cada un de nós ante os recursos e o consumismo, un dos principais causantes da creación de lixo. Precisamente para loitar contra esta 'lacra', a asociación Ecoloxistas en Acción puxo en marcha no 2002 o portal *Consume hasta morir* a través da contrapublicidade, para reflexionar sobre os nosos hábitos de consumo. "Vivimos nun modo de desbaldimento, onde todo é de usar e tirar e o produto que mercamos hoxe, xa non vale mañá", indica Isidro Jiménez, responsable deste proxecto que será dado a coñecer hoxe grazas á presenza de Rodrigo Fernández, inte-



A contrapublicidade é a principal arma do portal 'Consume hasta morir' para pedir un menor consumismo

grante do equipo de *Consume hasta morir* e autor do libro homónimo, nas Xornadas da FEG. A novidade deste portal reside na utilización dunha linguaxe áxil e directa á hora de analizar o actual modelo de consumo. Segundo Jiménez, os anuncios son os responsables de convencernos de que temos uns déficits que poden ser cubertos acudindo á

calquera establecemento comercial. De aí que sexa a contrapublicidade o método escollido para alertar do carácter insustentable desta tendencia. "Parían falta tres planetas coma este para estender o modelo de consumo do que gozamos 2.000 millóns de persoas ós 3.000 restantes", apunta Jiménez. Ante esta situación, os cidadáns adoptaron, nos

últimos tempos, unha nova tendencia que está resultando perversa: os produtos ecolóxicos. Para o responsable de *Consume hasta morir*, este nova conciencia propiciou un 'lavado verde' das firmas, polo que o consumidor segue a mercar produtos insustentables pero coa conciencia tranquila ó pensar que son respectuosos co medio. ●

AS INICIATIVAS

Listas Robinson: sen anuncios no buzón

Galicia está moi atrasada en materia de redución de residuos. Non obstante, a xornada de mañá dedicárase a difundir algunhas das iniciativas que se están a aplicar con este fin. Unha das máis importantes: a difusión das Listas Robinson, nas que poden apuntarse aqueles consumidores particulares coa finalidade de non recibir publicidade personalizada que recibimos na nosa caixa de correo. Ramsés Pérez, responsable de Educación Ambiental de Adegas, será o encargado de explicar como facer para evitar unha xeración de lixo tan grande como innecesaria.

Comercio Verde e xestión municipal

Xunto a consumidores e produtores, os comerciantes poden xogar un papel clave na redución de lixo, de aí a presenza da Dirección Xeral de Comercio, que dará a coñecer a iniciativa 'Galiza Comercio Verde', que promove o uso de bolsas reutilizables ou reciclables. O concello da Coruña tamén estará presente mañá para explicar a 'Campaña europea pola redución' na que participa e pola que tentarán reducir 100 quilos de residuos por persoa e ano dos 400 que xeramos actualmente.

As D.O. galegas, coa reutilización

A FEG destaca tamén o papel que pode xerar a Administración. Dado que Galicia non ten competencias para prohibir o uso de determinados envases, a FEG aposta por poñer en marcha proxectos coas Denominacións de Orixe e produtos galegos para promover a utilización de envases retornables. Para Baleato, deste xeito, daríase un valor engadido ós produtos, ó tempo que é unha aposta pola economía local e polo ciclo curto dos residuos, co conseguinte aforro de transporte e xestión.